



ACORDO SOBRE CRITERIOS PARA UN ESTATUTO DE TODOS

A reforma do Estatuto é unha oportunidade para mellorar o benestar dos galegos e das galegas e avanzar na capacidade de Galicia para decidir o seu futuro.

Aproveitala a fondo esixe de todos ambición para transcender límites xa superados pola realidade e para darlle resposta á demanda de autogoberno da cidadanía. Debémonos esforzar no diálogo para acordarmos un consenso na extensión das melloras que o país precisa.

Este acordo marco para un Estatuto de todos nace do respecto escrupuloso ao traballo parlamentario xa iniciado e como un instrumento ao seu servizo que sirva para impulsalo.

Querémoslle transmitir unha mensaxe de tranquilidade e claridade á sociedade galega: falaremos e negociaremos a fondo, porque é necesario que haxa acordo entre todas as forzas políticas. A cidadanía galega non entendería que diferenzas partidarias impedisen un acordo histórico.

O acordo marco ten como alicerces a identificación de sete áreas de consenso básicas para o traballo común.

1.- O recoñecemento nacional de Galicia

O galeguismo que todas as forzas políticas profesamos asume, dende sempre, o carácter nacional de Galicia e mesmo o noso himno fala da “nazón de Breogán”. Isto non debe ser, pois, obxecto de controversia, senón de unión arredor da nosa identidade. Dende o pragmatismo e a tolerancia e pensando sempre nos intereses de Galicia.

Hoxe temos, en termos constitucionais, o carácter da nacionalidade histórica, ao mesmo nivel que comunidades como Euskadi e Catalunya. O recoñecemento nacional destas comunidades e a cualificación de nacionalidade histórica



outorgada a outras que ata agora non a tiñan converte en imprescindible o recoñecemento do carácter nacional de Galicia. Porque o somos por dereito e porque non facelo suporía, na práctica, perder o status que hoxe posuímos.

Proposta de acordo:

O Estatuto recollerá no seu texto o recoñecemento do carácter nacional de Galicia dentro do actual marco constitucional.

2.- A nosa lingua é a nosa identidade

A lingua é un valor e un activo que debemos celebrar xuntos e que só pode ser motivo de unión. É un dereito de todos e unha riqueza que compartimos e temos a obriga de valorizar e aumentar garantindo o seu uso, fixando o deber de a coñecer e asegurando o dereito a usala. Este é o mellor xeito de asegurar unha igualdade real entre as dúas linguas oficiais en Galicia.

Proposta de acordo:

O Estatuto recollerá o dereito de todos os galegos a usa a nosa lingua e o deber de coñecela, sen que ninguén poida ser discriminado por razón da lingua. Definirá o galego como lingua propia, de uso normal e preferente na Administración, nos medios públicos de comunicación e no ensino nos termos que a lei determine. A lei regulará o seu uso no ensino garantindo a normalización e a ausencia de discriminación. O galego é a lingua oficial e o castelán é cooficial. As institucións garantirán a promoción e a defensa do galego.



3.- Novos dereitos para novos cidadáns

O Estatuto debe proceder a unha actualización dos dereitos e deberes que recolle no seu texto, ampliando e actualizando estes ás demandas, expectativas e necesidades das galegas e dos galegos do século XXI.

Proposta de acordo:

O Estatuto recollerá unha carta de dereitos e deberes dos cidadáns galegos do século XXI.

4.- Un ámbito competencial reforzado para Galicia

Queremos máis autogoberno, porque a experiencia acredita que significa máis benestar. O Estatuto debe institucionalizar que o dereito de Galicia será de aplicación preferente no noso territorio. A consecuencia debe ser unha extensión ambiciosa e decidida do autogoberno.

Proposta de acordo:

Tomando como referencia básica os setenta espazos de acordo e cooperación que recolle o Informe do Goberno galego para a Comisión Mixta de Transferencia, aprobado polo goberno o 3 de novembro de 2005, o novo Estatuto incorporará o máximo competencial posible, establecendo cláusulas de salvagarda das competencias exclusivas e impulsando as fórmulas de xestión cooperativa e consorciada para as competencias compartidas.

5.- Un novo marco de relacións entre Galicia, o Estado e a Unión Europea

O Estatuto debe establecer un novo marco de relacións de Galicia co Estado e coa Unión Europea, fundado na lealdade e na colaboración recíprocas e que asegure a participación do noso país na adopción e na aplicación de cantas decisións nos afecten.

Proposta de acordo:

O Estatuto preverá unha comisión mixta Galicia-Estado como marco preferente de cooperación, de resolución de conflitos e de participación do noso país na toma das decisións estatais que nos afecten. Así mesmo, preverase a participación directa de Galicia nas institucións estatais comúns mediante os órganos e procedementos que establezan a Constitución e as leis.

O Estatuto articulará a participación directa de Galicia na Unión Europea, tanto en vía ascendente coma descendente, así como a lexitimación perante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea para a defensa das nosas competencias e intereses en termos regulados polo ordenamento xurídico europeo.

6.- Un financiamento xusto coas galegas e cos galegos

A autonomía política esixe a autonomía financeira que posibilite o seu exercicio. Galicia ten que poder decidir como financiar as súas políticas e as súas institucións.

Proposta de acordo:

O Estatuto establecerá as bases dun sistema de financiamento que asegure a suficiencia e a autonomía financeira da Facenda galega, a partir de recursos tributarios propios e da recadación territorializada dunha porcentaxe dos impostos estatais que se negociará entre Galicia e o Estado, e que, finalmente, se aprobará no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira.

O Estatuto creará unha Axencia Tributaria Galega que, en colaboración coa estatal, xestionará os tributos xerados no noso país.

7.- Garantía do investimento do Estado en Galicia

Galicia padece un déficit estrutural acumulado que é hora de solucionar.



A redacción do novo Estatuto, cuxa tramitación lle corresponde ao Parlamento galego e a súa aprobación definitiva ás Cortes do Estado, reporta unha inmejorable oportunidade para lles dar rango de lei aos compromisos de investimento do Estado en Galicia nos próximos anos.

Proposta de acordo:

A redacción do Estatuto servirá para negociar un acordo financeiro co Estado que comprometa para Galicia un 8% do investimento estatal territorializable durante os próximos dez anos.